



CONCELLO de NEGUEIRA de MUÑIZ

BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES PEÓNS E UN OFICIAL DE PRIMEIRA PARA O REFORZO DO SERVIZO MUNICIPAL DE OBRAS

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a contratación de tres peóns (grupo 10) e un oficial de primeira (grupo 8) para o reforzo do servizo municipal de obras, baixo a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, regulado no artigo 15.1 a) do R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores.

2.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- 1 Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Asemesmo, poderán participar no proceso selectivo os extranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do conxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- 2 Posuir capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- 3 Ter cumpridos os dezaséis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

3.- PARTICIPACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Realizarase convocatoria pública mediante publicación de anuncio no taboleiro de edictos do Concello de Negueira de Muñiz e na páxina web www.negueira.es.

O prazo de presentación de instancias é de CINCO (5) días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación do anuncio. Coa solicitude deberase aportar:

- copia cotexada do D.N.I.
- documentación acreditativa dos méritos alegados.

4.- LISTAXE DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos, e fixando a data da celebración das probas.

Por razóns de celeridade, non se concederá prazo de subsanación de deficiencias.



CONCELLO de NEGUEIRA de MUÍÑIZ

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición no que se valorará a experiencia profesional e a formación dos traballadores.

1 EXPERIENCIA PROFESIONAL: Puntuación máxima: 10 puntos

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción
2. Por servizos prestados outras AAPP na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,05 por cada mes completo ou fracción

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e/ou copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2 FORMACIÓN: Valorarase a formación nas materias propias do posto. Máximo: 2 puntos

1. Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso
2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso
3. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

- 3 CUESTIONARIO POR ESCRITO: Valorarase a iniciativa, interese e aptitude para o posto, e os coñecementos sobre o traballo a realizar. Esta proba será calificada cun máximo de 2 puntos.
- 4 PROBA PRÁCTICA: Valorarase o coñecemento práctico sobre o traballo a realizar. Esta proba será calificada cun máximo de 2 puntos.

6.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo.

En ningún caso o tribunal calificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores non seleccionados elaborarase una listaxe por orden de puntuación. No suposto de renuncia de algún dos/as traballadores/as contratados/as con anterioridade á finalidade da obra, substituirase por outro/a traballador/a de similares características, segundo a listaxe elaborada cos traballadores non seleccionados.



CONCELLO de NEGUEIRA de MUÑIZ

7.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

Constituirase da seguinte forma:

- D^a. Jovita Graña Fernández, Secretaria-Interventora accidental del Concello de Negueira de Muñiz
- D. Gervasio López Rodríguez, Axente de Emprego e desenvolvemento rural do Concello de Negueira de Muñiz.
- D. Jesús Ildefonso García López, Traballador social do Concello de Negueira de Muñiz

Suplentes:

- D^a María Cristina Varela García, Secretaria do Concello de Vimianzo
- D^a Olga Landeira Burgué, Tesoreira do Concello de A Fonsagrada

A comisión está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

8.- RELACIÓN DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SINATURA DO CONTRATO

Rematada a calificación, publicarase no taboleiro de anuncios da corporación a relación de aprobados por orde de puntuación, así como a proposta de nomeamento como persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado, dos traballadores que obtiveran a mellor puntuación do presente proceso selectivo, pasando os restantes traballadores que superaron dito proceso a integrar una bolsa de reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgún dos contratados.

9.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá unha duración de tres meses, a contar dende o 16 de xullo de 2012 ata o 15 de outubro de 2012. O contrato incluírá un período de proba de quince días.

As retribucións do posto de traballo serán de 1.131,89 euros brutos mensuais para os peóns e de 1.205,74 € para o posto de oficial.

Negueira de Muñiz, a 6 de xullo de 2012

O Alcalde-Presidente

José Manuel Braña Pereda